

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

THE UNIVERSITY OF CHICAGO
LIBRARY

THE UNIVERSITY OF CHICAGO
LIBRARY
1215 EAST 58TH STREET
CHICAGO, ILLINOIS 60637
TEL: 773-936-3200
WWW.CHICAGO.LIBRARY.EDU

UNIVERSITY OF CHICAGO
LIBRARY

1. Segundo o artigo 22.1. da Lei 55/2003 do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a renuncia á condición de persoal estatutario ten o carácter de acto voluntario e deberá ser solicitada polo interesado cunha antelación mínima de:

- A) 30 días á data en que se desexe facer efectiva.
- B) 15 días á data en que se desexe facer efectiva.
- C) 5 días á data en que se desexe facer efectiva.
- D) 10 días á data en que se desexe facer efectiva.

2. Segundo o artigo 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, NON é un principio da acción preventiva:

- A) Evitar os riscos.
- B) Combater os riscos na súa orixe.
- C) Avaliar os riscos que non se poidan evitar.
- D) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.

3. A Lei 14/1986 do 25 de abril, xeral de sanidade no seu artigo 10 establece que todos teñen dereito á confidencialidade de toda a información relacionada:

- A) Co seu proceso e coa súa estancia nas institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren co sistema público.
- B) Co seu proceso e coa súa estancia nas institucións sanitarias públicas e privadas que colaboren ou non co sistema público.
- C) Unicamente co seu proceso e coa súa estancia nas institucións sanitarias públicas.
- D) Ningunha resposta é correcta.

4. A Lei 14/1986 do 25 de abril, xeral de sanidade no seu artigo 44 establece que o Sistema Nacional de Saúde é o conxunto de:

- A) Os Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas e dos hospitais privados con sede no territorio español.
- B) Os Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas e de toda institución sanitaria privada con sede no territorio español.
- C) Todas as estruturas, servizos públicos e privados ao servizo da saúde.
- D) Os Servizos de Saúde da Administración do Estado e dos Servizos de Saúde das Comunidades Autónomas nos termos establecidos na Lei 14/1986.

5. A Lei 55/2003 do 16 de decembro do Estatuto Marco no seu artigo 21 establece as causas de extinción da condición de persoal estatutario fixo, entre as que NON se atopa:

- A) A renuncia.
- B) A apertura dun expediente disciplinario.
- C) A xubilación.
- D) A incapacidade permanente, nos termos previstos na Lei 55/2003.

6. Segundo o artigo 66.1.a) da Lei 55/2003 do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cando o persoal estatutario preste servizos noutra categoría de persoal estatutario, como funcionario ou como persoal laboral, en calquera das Administracións públicas, salvo que obtivese a oportuna autorización de compatibilidade, procederá declarar a situación de:

- A) Excedencia por prestación de servizos no sector público.
- B) Servizos baixo outro réxime xurídico.
- C) Suspensión de funcións.
- D) Servizos especiais.

7. Segundo o artigo 32 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, cal dos seguintes NON é un principio reitor do Sistema Sanitario Público de Galicia:

- A) A coordinación dos recursos sanitarios, sociosanitarios e de saúde laboral.
- B) A procura da súa suficiencia financeira e de medios.
- C) A eficacia, efectividade e eficiencia na xestión do Sistema Público de Saúde de Galicia.
- D) A cesión de competencias ao Ministerio de Sanidade en supostos de emerxencia sanitaria.

8. De conformidade co artigo 36 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, NON é unha competencia dos delegados de prevención:

- A) Colaborar coa dirección da empresa na mellora da acción preventiva.
- B) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
- C) Diseñar e dirixir a política empresarial en materia de prevención de riscos laborais.
- D) Exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

9. De conformidade co artigo 15 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a historia clínica será única por paciente:

- A) Polo menos en cada complexo hospitalario, hospital ou centro sanitario.
- B) Polo menos no Servizo Galego de Saúde.
- C) No Sistema Nacional de Saúde.
- D) Nas institucións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia.

10. Segundo o artigo 6 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, a selección do persoal poderá realizarse a través do:

- A) Procedemento de concurso.
- B) Procedemento de concurso-oposición.
- C) Procedemento de oposición.
- D) Todas as respostas son correctas.

1. Sinala a resposta CORRECTA. Segundo o artigo 38.1. da Lei 14/1986 do 25 de abril, xeral de sanidade, é competencia exclusiva do Estado:

- A) A sanidade exterior sendo o resto de competencias exclusivas das comunidades autónomas.
- B) A sanidade exterior e as relacións e acordos sanitarios internacionais.
- C) As relacións e acordos sanitarios internacionais, salvo os que se formalicen cos países de lingua portuguesa que corresponden á comunidade autónoma galega.
- D) A sanidade exterior e a coordinación en materia de saúde pública sendo o resto competencias exclusivas das comunidades autónomas.

2. Segundo o artigo 43 da Lei 55/2003 do 16 de decembro do Estatuto Marco, que complemento está destinado a retribuír as condicións particulares dalgúns postos en atención á súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, incompatibilidade, perigo ou penosidade?

- A) Complemento de destino.
- B) Complemento específico.
- C) Complemento de produtividade.
- D) Complemento de xefatura.